

Declaración Institucional sobre as condicións laborais nos servizos de limpeza de edificios

A principios deste mes representantes do colectivo de limpadoras/es de edificios públicos e instalacións dirixíronse a esta institución coa finalidade de dar a coñecer a súa situación laboral.

Este colectivo agrupa a uns 9.800 traballadores e traballadoras, dos cales a maioría son mulleres con contratos a tempo parcial.

O colectivo, que se ocupa da limpeza de centros de saúde, clínicas privadas e centros de traballo, na actualidade percibe un salario medio que se sitúa ao redor dos 924 euros mensuais a xornada completa, pero este tipo de contratos só supoñen un 15% do total do persoal, xa que o resto son traballadores/as a tempo parcial. A estes salarios escasos debe engadirse que moitos destes empregados/as simultanean os traballos de limpeza en varios centros, o que incrementa os seus gastos, pois en moitos casos non reciben indemnización nin compensación ningunha por estes desprazamentos.

O seu convenio colectivo finalizou en 2020 e atópase en plena negociación o novo convenio.

A única reivindicación dos/as traballadores/as foi a petición dun incremento salarial dun 1,5% para sen máis modificacións do convenio. Pola contra, a patronal ofrece un incremento 0% e a modificación do artigo 8 que regula o aumento de xornada. Este artigo refírese a que cando se xubila un empregado ou empregada -e tendo en conta que o 85% dos contratos o son a tempo parcial-, en lugar de contratar a outro para realizar o seu traballo, repártense as horas entre o resto do persoal ata alcanzar a xornada completa, provocando un prexuízo económico a estes traballadores e traballadoras no momento da súa xubilación. Ao mesmo tempo, a patronal propón tamén a modificación do apartado do convenio referido á xubilación anticipada que, ata agora, realizase a pedimento do traballador, propoñendo que sexa necesario o acordo entre traballador e empresa, o que na práctica faino de imposible aplicación no 99% dos casos.

Para situar o conflito no contexto actual, convén lembrar que debido á pandemia, este sector é dos poucos que non se atopan en crise, antes ao contrario, a maior parte destas empresas ou ben obtiveron novos contratos ou ben melloraron os existentes para atender as necesidades de saúde pública, xa que ademais de limpar agora deben realizar tarefas de desinfección, polo que os seus ingresos se incrementaron, pero non así os salarios dos traballadores e traballadoras.

Para finalizar, importa lembrar o papel destacado que durante a primeira onda da pandemia tiveron todos os/as traballadores/as do sector que, como traballadores esenciais, abordaron a situación traballando sen descanso, de forma valente, sen medios nin formación adicional e con importante aumento da súa penosidade laboral polo uso constante de produtos desinfectantes.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

1. O recoñecemento ao labor fundamental desenvolvido polas traballadoras e os traballadores do sector da limpeza na realización de tarefas de desinfección necesarias para garantir a saúde da cidadanía, tanto nos centros de traballo públicos, como privados, clínicas, centros de saúde, etc.
2. Instar á patronal do sector da limpeza de servizos públicos e instalacións a que atenda as xustas reivindicacións salariais das súas traballadoras e traballadores, e que non elimine a escasa posibilidade que teñen de acceder a un salario digno mediante o incremento da súa xornada laboral a tempo completo.